Public 5A

Suplemento n.º 3 de

NÓS.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.°—A CRUÑA

SUMARIO

CONTOS DA GALIZA.

(Novelas galegas) ESTEBO, por Xosé Lesta Meis.

Agasallo de

Sombrereiría LEMUS

San Andrés, 74 A Cruña.

VERBAS AXEITADAS

Non'os estranan os aldraxes da «Meiga». Supoñemos que tal obra non será representada na Galiza e qu'os galegos qu'a escoiten en outras partes, si é que teñen tanto tempo que perder en noxentos espeutáculos, sabrán dar o peito en defensa da Terra. Pol'o demais xa estamos acostumados a isas cousas. Sabemos a que obedescen. E soilo sirven pra nos fortificar no noso credo.

Son síntomas torpes e groseiros mais tamén eispresivos de que a nosa sustantividade é sentida, queiran ou non, fora da Galiza. Os espritos reauceonan didiante d'ela asegún sua cultura, e comprenseon. Un home culto, chapado â antiga, querrá que Galiza perda sen ser inmorrente e se someta a unha uniformidade imperialista. Mais pol'o menos estimará certos carauteres nosos coma dotados d'un pintoresquismo tradicional de boa raiz. Un espíritu culto moderno, que alente no mundo d'hoxe alabará a forza sustantiva da Galiza e non porá cara farisaica diant'a renacenza da nosa cultura. O rebaño dos escuros aplaudirá os aldraxes que lle sirven escribidores e musicantes d'orella indinos do nome de autores. Pois istes, a falta d'outras calidades superiores ben saben o que fan: trátase da Galiza i-é preciso e froitoso aldraxala a rego.

Porqué? Pois porque as masas meias e incultas inrritalles a nosa sustantividá. Non son tan parvos pra non sentir nos galegos un carauter diferencial, que non comprenden. Saben que somos d'outro xeito. O ouvirnos falar notan un acento particolar que responde a un difrente carauter. Saben que non somos afeizoados ôs touros, nin o xénero flamenco, nin ôs *tímitos* madrileños. Saben que somos traballadores e non nos avergonzamos de sélo. Saben que calquer que veña a Galiza síntese conquerido por ela e que o galego n'outra terra permanece estrano e se non deixa conquerir.

As outras rexiós da España teñen desfilado pol'os escearios de Madrí, c'os seus traxes, seus falares, suas cousas. E sempre espertaron pol'o menos simpatías. Un galego, unha cousa galega posta en solfa, deseguida produce o insulto ou a risa de mala intenceón. Pol'o que tales síntomas que non figuran pasar c'o aparente progreso dos tempos, debemos consideralos com'un homenaxe dos ruís que non saben producirse d'outro xeito, â persoalidade galega. Quixeron'os conquistar, e non poideron. Quixeron'os suxetar ô ritmo uniforme e nosa canzón segue medrando maís forte, ledá i-espranzada. Cando nos aldraxan confesan inocentemente a sua derrota. Mais un pobo culto com'o galego failles o favor de eisixirlles que se poñan a tono e nos ataquen d'outra maneira, si é que poden.

E ises malos galegos servos da imitanza que adeprendan e pensen un pouco. Vai n'elo a sua salvazón, o seu concepto de persoas. Que asístan ô rico repertorio cheo de insultos contra eles; que se fixen na cara que poñen os barbeiros da rua de Toledo lêndo a «Casa de la Troya»; que non se durman cando veñan a Galiza, pra non perder os comentarios dos viaxeiros ô entrar o correo ou o exprés pol'as Veigas do Sil; que noten as cariñas de coello que adoitan as xentes ô se falar do trunfo d'un galego; que non perdan a estraneza de moita xente ben cando tratan dos novos ferrocarrís galegos... A ver si gardan un chisco de dinidade, si se ll'esborrallan as falsas ideas qu'os asoballan e si saben ser homes coscentes e suxetos de dereito e non *alieni iuris* desprezados.

Ainda está por facer a hestórea fiel da leenda de mala fé, de incomprenseón e de semíteco fanatismo, qu'envolve â Galiza. Cando se faga veráse qu'esa leenda com'un involuntario homenaxe de algunha intelixente maldade e de moita incoscente animalidade, â verdadeira leenda salvadora, do noso esprito e dos nosos trunfales destinos.

SUPLEMENTO GRATUITO DE NÓS

1929 - FASCÍCULO III | MES DE FEBREIRO

Contos populares da Galiza

O TRASNO

Unha vegada ían duas mozas de noite para o muiño e alcontraron un neniño pequerrechiño que choraba co frío. Colleron o neno, envolvéronо ben levárono consigo para o muiño, e despois de quentárense ô lume, deitáronse e meteron o meniño no meio.

Pol-a mañán, cando espertaron, buscaron o neno por todol-os currunchos mais no atoparon. Somentes dend'a cima do tellado, ouviron:

—Tucurugú, cucurugú
as nenas do muiño quentáronme o cú

Aquil neno era o trasno que lles quixo meter medo.

Dous que se semellan.

Eran unha vegada dous que viñan vendendo nabiña de nabos pol-as aldeias de porta en porta e ô chegaren â soma d'uns carballos, pousaron os sacos e sentáronse a descansar.

Ô pouco rato un d'eles foi en busca d'auga pra beber pois estaba que esligaba co-a sede, e díxolle ô outro que tuvese conta dos sacos namentras voltaba.

Tan pronto como marchou, foi o seu compañeiro e rouboulle catro cuartillo de nabiña. Chegou o outro e díxolle ô que quedara:

—Agora podes ir tí, que eu che terei conta mentras.

E aproveitando tamén a sua marcha, rouboulle o que quedara tres cuartillos de nabiña do outro saco.

Un home que víu agachado os dous roubos foi hastra él e preguntoulle:

—Ay homiño, d'onde sodes?

—E nós somos de Allares—contestoulle o que ficara ô pé do carballo.

O mais típico da nosa terra refrexado
artísticamente por Xaime Prada.
Grabados en Linoleum

Destoncias o home repricoulle:

—Nas condiciós ben vos semellades.

Sácalle outro cuartillo, e quedades igua-les.

Recollidos en Oroso (Cruña)
por R. M. L.

Bon recadeiro.

Unha vez era un rapaz pouco intelixente, e mandárono ó muiño con tres tegas de centeo e dixéronlle:

—Fíxate ben: das tres tegas ten que che cobrar tres maquías, que non che vaia cobrar de mais.

Entón o rapaz pra non esquecel-o aviso foi dicindo pol-o camiño:

—Tres tegas, tres maquías; tres tegas, tres maquías...

Chegou ond'estaba un home sementando grau, o cal home ao ouvilo dixo: «Este lapón vai dicindo que ogallá recolla soio tres maquías de cada tres tegas de semente», «vou-

Poemas de vanguarda

De Catro a Catro

por Manuel Antonio.

no mallar». E pegoulle uns paus, e díxolle dispois.

Deiquí adiante vas ir dicindo: «que salla todo».

Así o fixo o neno, e mais adiante atopou c'un arrieiro que estaba tapando un pelexo que lle deitaba o viño, o cal arrieiro ao ouvirlle dicir, «que salla todo», cheo de coraxe deulle unha gran malla, e dispois díxolle:

—Deiquí adiante, has dicir: «que non salla ningún».

Volveu o neno a collel-o camiño depilindo: «que non salla ningún, que non salla ningún», e deu c'un pastor que andaba por voltar con cinco cabalos que s'entullaron n-unha lagorza e que non podían sair. Tras moito traballo saltou un fora precisamente cando chegaba o neno co-a letanía. O pastor ao sentilo, emprendeu a paus no neno hasta quentalo e por último díxolle:

—Agora vas dicir: «donde saltou un, que salte outro, donde saltou un que salte outro».

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

O Galo

Obra póstuma de Amado Carballo

Libro-homenaxe. 3 ptas.

BANCO PASTOR

(Casa Fundada en 1776)

Capital suscrito . . . Ptas. 17.000.000
Id. desembolsado . » 11.000.000
Fondo de reserva . . » 3.500.000

Casa Central: A CRUÑA

Sucursales en:

BARCO DE VALDEORRAS, CARBALLIÑO, CARBALLO, O FERROL, A ESTRADA, LUGO, MELIDE, MONDOÑEDO, MONFORTE, MUXÍA, NOIA, OURENSE, ORTIGUEIRA, PADRÓN, PÓBOA DO CARAMIÑAL, PONTEDEUME, RIVADABIA, RIBADEO, SARRIA, TUY, VERIN, VIGO, VILLALBA e VIVEIRO

Intereses que se abonan en cuenta corriente de pesetas:

Disponible a la vista	2 1/2%	anual
» a tres meses	3 %	»
» a seis meses	3 1/2%	»
» a doce meses	4 %	»

Telegramas: PASTOR

Iba o neno co-a nova letanía, hasta que tropezou c'un que tiña un ollo valeiro. O torto tomou o dito do neno pra si e cego de coraxe mallou n-él hastra deixalo eivado no camiño.

Cando pudo dar pra casa—que ao muiño non pudo chegar—meteuse no leito, pois non se tiña de doores, e fixo propósito de non ir repetindo outra vez os encárregos.

(Recollido en Valdeorras, por Manuel Folla, aluno do Maxisterio)

CONTOS DE BARROSOS

Unha vez iba un barroso pasando por unha ponte que estaba caíndo, levaba medo, e dixo ao pasar:

—Dios é bon e o demo non é malo! Dios é bon e o demo non é malo!

Pra que Deus o protexese e o demo nono tentase. Pero así que terminou de pasalo, dixo:

—C... me nentrambos.

Adequira a derradeira producción

Como falan os brañegos

de Noriega Varela.

——

Outra vez estaba outro barroso comendo unha cebola e unha codela de centeo e díxolle outro:

—Ei hom, como te coidas!

E contestoulle o da cebola:

—Eu coidar, coido coido, pero os cartos vanse que é un justo. Inda non fai sete días que cambiei un peso e agora xa teño soilo catro pesetas, dous en realiños e outros poucos cartos mais.

——

Outra vez eran cinco barrosos que iban xantar e querían gastar pouco, agás un que era mais espréndido, pero non prevaleceu a sua opinión e pidiron catro sardiñas pr'os cinco. Entón o espréndido, que era o mais listo, ao repartilas, dixo:

—Cinco barrosos, catro sardiñas, tocamos a duas, e eu vou co-as miñas.

Suscríbase a

A Nosa Terra

Idearium das Irmandades da Fala.

E colleu as duas millores, deixándolle aos outros catro duas somentes.

——

Outro barroso quíxolle escribir â muller, e como non sabía, foise ond'o seu amo e ditoulle a carta, indicándolle cando iba poñer puntos e comas. O amo por rirse d'él, onde lle mandou poñer punto, coma, púxoo con todas as letras.

Contestáronlle da casa indicándolle que tivese coidado co-a persoa que lle escribía as cartas, pois ríanse d'él, e entón, él pra se vengar, volveu ond'o amo e díxolle:

—Señor amo, a miña muller sempre me anda amocando con peticiós de diñeiro yeu xa estou farto de lle mandar; poñalleme esta cartiña:

«Querida muller, como iba escribindo, estou farto de tí, m... m... diña, m... m... diña, m...» Agora, coma, Señor, coma...

(Recollidos en Valdeorras,
por M. Folla).

Tríptico Teatral

por Antón Villar Ponte.

Tres visións: o caciquismo, a emigración i-as supersticións

A PANTASMA CASTIGADA

Cóntano, e como o contan así o digo.

Era d'unha vez no lugar de Pareda e había un mozo que se tiña por valente e de non ter medo a nada. Esto puña de malas pulgas ôs mozos do lugar que se sentían pequenos ô lado d'aquel matón, e pol-o tanto pensaron xogarlle unha mala pasada.

Tiña este mozo, que lle chamaban Odilo, unha moza n-un lugar de fora, e con ela iba parrafear todos os días de descanso alá pol-a caída da tarde, e non volvía hastra moi entrada a noite. De esta ocasión valéronse os mozos do lugar pra xogarlla, o cual fixeron da forma seguinte:

Colleron unha sábana, puxéronlle tres paus pol-a parte d'arriba, meteuse un dentro e con tres faroles e duas linternas que tamén meteron, parecía mesmamente cando estaban acesas que ardía todo aquelo como un fachuco. Os outros tres mozos, pois os da broma eran catro, quedaron con fachos de palla en disposición de encendelos tan

Todos poden conocer o noso pasado, mercando

Historia Sintética de Galicia

por R. Villar Ponte.

pronto como o que faguía de pantasma asubiase.

O camiño que tiña que andar o mozo que entendía por Odilo, era camiño real e cuasi na metá tiña un cruceiro que era o sitio onde se colocaron con todo o preciso pra lle meter medo.

Pouco tiveron que esperar, pois d'alí ôn nadiña ouviron carraspear e o ruído d'unhas botas que aínda ô lexos decían que o dono pisaba recio. Tan pronto chegou ô cruceiro por pouco non se quedou seco ô ver unha pantasma que botaba lume pol-os ollos e en moi pouco estivo o que non collese unha carreira e non parase en deica â casa; pero pensouno millor, aínda qu'o tempo e o caso non eran dos pintados, e púxose a faguer a señal da cruz primeiro, arrenegar ô demo despois e terminar logo por se achegar pra lle preguntar o que se lle ofrecía. Nunca tal cousa se lle ocurrira. A pantasma que pra nada contara con semellante estrevemento, pegou a fuxir como on condenado, e moi

Lea vostede

O porco de pé

por Vicente Risco.

pouquiño tempo lle levaría chegar â casa, si non houbera quen llo impedise, y ese alguén non foran as bruxas.

Todo o mundo sabe, e si non-o sabe eiquí estou pra llo decir, que cando é de noite ô escampado, non se pode asubiar, pois d'esa forma chámanse as bruxas, que c'un pente de asedar o liño, tratan de llo cravar na pel; e tense dado casos de xente que está na sua casa e ver unha luz no monte e asubiar ô punto que pechaba a ventana, e tan pronto como o fixo, quedar o pente cravado, de tal xeito que se precisaron en mais de unha ocasión tres e catro homes pra arrincalo. Boeno, pois volvendo ô conto d'enantes, tan pronto chegou ô cruzeiro o mozo a quen esperaban, asubiou, según quedaran entr'eles, e pra que che quero, miña nai, moito millor fora que calara; pegaron as bruxas co-il entr'elas algunhas do lugar, e moi mal lle fora si a Providencia, que sempre vela por nós, non-o salvara. Caíu e levantouse non sei as veces; engarroulle a

NOVELAS GALEGAS

ESTEBO por Xosé Lesta Meís.

Xosé Lesta Meis, xornalista aitivo, fecundo, de acento rebelde e ideias xenerosas, colaborador de moitos xornaes de Galiza e América, tiña pubricado na coleición pequena de «Lar», unha noveliña, *Manecho o da Rua*, que fora moi ben acollida pol-a críteca e pol-o púbrico. Recolleu o autor de *Manecho o da Rua*, moitas loubanzas. D'aquela alguén laiouse de qu'estas pubricaciós de pequenas novelas, afogaban o xérmolo de asuntos que desenrolados sen limitación d'espazo, poderían dar novelas grandes das qu'a literatura galega tanto precisa pr'o seu espallamento. Púñase coma caso tipo o de *Manecho o da Rua*. Pois ben: eiquí témol-a cousa compensada e remediada. O xérmolo de *Manecho o da Rua*, desenrolado en forma, en prena liberdade, sen limitación de páxinas, veleiquí está no *Estebo*, co-a mesma ideia inicial, anque c'un desenvolvimento moito mais ricaz e cheo d'incidenzas que lle dan nova vida.

Novela da vida diaria, vivida en gran parte, con ouservaciós atinadas co-a vida da aldeia pintada ata nos seus detalles miudos —hai quen pensa que a minuciosidade é a calidade principal do novelista— co-a vida interna dos emigrantes galegos en Cuba referida tamén de viso, o que lle dá un valor documental â novela, pois si esa vida nos é ben coñecida, é o por tradición oral, e non porque d'ela se teña escrito de abondo con verdá. É o que acontez: a emigración ten unha visión lírica (en Rosalía, en Curros) e unha visión oficial que poidéramos dicir, nas pubricaciós galegas d'América. Non foi abordada ainda de cheo na realidade íntema mais que n-esta novela, onde o que se fai é describir. As *Almas mortas* do Villar Ponte, é outra cousa, é unha obra tése, e unha teoría persoal, anque seña compartida por moitos, é un xuizo ético, e ademais refírese mais especialmente ôs que volven, ôs importadores do d'alá.

Estebo ten tamén a sua tése, mais íntema e menos social qu'a d'*Almas mortas* e é a novela inteira mais impersoal, mais ouxetiva que o drama de Vilar Ponte, residindo o seu principal intrés en iste punto da emigración, no que nos dí dos qu'están alá.

VICENTE RISCO

sábana n-unha silva, que se lle quedou c'un anaco, e por fin despois de moito correr e berrar deu co seu corpo no chau, sin forzas pra seguir; encomendou a sua alma a Dios e deixouse que lle arreasen todo o que quixesen. Nin que decir ten, por que estas bruxas non perdoan, que lle encheron o cú de couces, e non deixaron óso no corpo nin sitio na cabeza sin llo magoar a paus; estordegáronlle un brazo, enchéronlle a boca de terra, e si non-o mataron que llo agradeza â Providencia que como xa dixen non abandoa ôs seus fillos en trances apurados.

Vós creeredes que xa acabou o conto, pois equivocástesvos, aínda trouxo o seu rabo. Enteirada a Xusticia dos malos tratos que lle deran ô Xosé, o da sábana, comenzou a indagar e preguntar quen fora e quen non fora os que tal barbaridá cometeran, prenderon ô Odilo, ôs tres compañeiros do Xosé, a catro mulleres, que se decía eran bruxas, pra saber, e non souperon sinon que aquil día andiveran por todo o monte

Estáse imprentando

Vaosilveiro

novela por Gonzalo López Abente.

moitas luces, apagándose e encendéndose, preto do Xosé, pero que nada sabían e que pra nada se meteran no asunto.

Dende entón n-aquil pobo todo o mundo se mete na camiña dende as dez da noite—pol-a nova—no vrau e âs oito no inverno, e si algunha vez se xuntan os mozos do conto, non fan sinon pensar no que lles pudo haber pasado aquel día e gracias âs gracias, todo quedou a ben.

(Recollido por Amadeo López Bello.)

SUCEDIDO DE LOBOS

Eu creio, Señor, que iste conto xa lle non merez a pena contalo, pero xa que vostede s'empeña, voulle cumprir o gusto.

Non sei si vostede saberá que polo tempo do inverno hai o costume de xuntárense n-unha casa calquera do lugar e alí fíase e tamén se mermura, e os domingos os mozos

A millor historia do século pasado

Os Camiños da Vida

por Otero Pedrayo.

van a outro lugar pra falar cas mozas. Pero vou contarlle o meu conto.

Eran dous mozos que non despreciando, pasaban polos mais ben prantados do pobo de Nocedo e iban cortexar a duas mozas a Fiestras; así que os domingos nunca viñan hastra ben entrada a noite. Aquil día mais que ningún os tales mozos beberan e polo tanto saíron mais contentos que unhas castañolas.

Levaban andado mais de medialegua, cando un d'iles que lle chamaban Gerardo díxolle ó outro: «Tí ouviches, Manuel?»—«Que había ouvir, ho!»—«Pero tí non sintiches tocar o lobo as castañetas?» — «Mira, eu si queres que che conte a verdade, pareceume que tí tiráchelle un pouco por as orellas â bota e agora en calquera sitio sintes oubear os lobos...» —«Escoitas?»—«Mal rayo!»—«Son iles! Fuxamos, Manuel, antes que se procaten de que estamos eiquí»—«Escoita Gerardo, tí tés un mixto?»—«Eu teño, e logo? «Pra que o queres?»—«Mira e non

ESTEBO

por Xosé Lesta Meis.

A novela que refrexa a nosa vida aldeán

seas burrán; tí non sabes que os lobos téñenlle medo ô lume?»—«E mais tés razón, non me daba de conta, agarda unha miguiña que vou alcender un pra ver si se van».

Según contan, tales mozos acabano todos os mixtos e non tendo que faguer, fuxiron â carreira, pois xa estaban preto do lugar.—«Qué faguemos agora, Manuel?»—«Eu que sei, Gerardo! deixar que nos aboquen e encomendarvos a S. Antonio que che é moi abogoso»—«Ay, miña nai, que me comen! Ay, Manuel sálvame que me esgazan!... E si non, non veñas, pois igual te comen... Fuxe cara a casa e dalle un abrazo â miña nai!... Ay! â miña nai dille que ô seu fillo comérono os lobos, fuxe, Manuel, fuxe, e dille â miña nai...!

Chegado que foi Manuel ô lugar, pegou a dar berros por todas as e en pouco tempo todos tiñan un fachuco na man e unha escopeta e guiados polo mozo foron coller os pedazos do coitado Gerardo. Moito rebuscaron por todos os lados pero nada collera d'il nin

●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●●

Axiña aparecerá

Enxangadas

por Victoriano Taibo.

un mal anaco das calzas, nin que o tragara a terra. Xa trataban de coller o camiño do lugar entr'os berros das mulleres e os xuramentos dos homes, cando sintiron unhos queixidos como si estiveran morrendo.

Naide se estrevía pra chegar ô cadabullo onde tanto xemían. Por fin un dos mais valentes c'un sacho de cristás foi esfaragullando os toxos que tiña o cadabullo pra ver.

Non quero decirlle o que vín: estaba o coitado do mozo compretamente desangrado e ô seu lado tiña un lobo moi apretado, que non refolegaba o condenado. Morrera, pero levaba compaña, pois antes de chegar ô lugar, o Gerardo morrera tamén.

Dín agora que no penedo pequeno, cando vai morrer algún do lugar, anda alí un lobo branco que oubea mais qu'os outros.

Recollido por Amadeo
López Bello

Merque

A Lagarada

FARSADA DRAMÁTICA

por Ramón Otero Pedrayo.

A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral no día de mañá

No diario aseo dos seus nenos emplee o

Jabón Sales de la Toja

ùnico que âs suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador. Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

1 pta.
Pastilla

JABÓN

La Toja

Unico en el mundo

O "Xabón da Toxa" ademais de ser o mellor é un producto galego que nos honra no mundo enteiro

CASTIGO MERECIDO

Eran tres irmaus que habían decidido saír pol-o mundo a ganarse a vida e ningún d'iles sabía falar o castelán, cousa que os traguía moi cavilosos, pois tíñalles dito un veciño, que correra moitas terras, que pra non se morrer de fame era preciso falar ben o castelán.

Cando estaban discurrindo o que habían de facer chegaron us casteláns e puxéronse a latricar moi alto. Entón matinaron de se ir chegando a iles y-escoitalos pra deprender. Foi primeiro o mais vello y-escoitou que dicían: *nosotros*. O home coidouse sabido d'abondo, voltando moi contente un d'os irmaus díxolles:

—Xa sei falar o castelán; ouvinlle decir *nosotros*.

Eu vista do pronto e ben que seu irmau deprendera, tamén foi alá o segundo que chegou cando un dos castelás decía: *ahora mismo*. E correndiño voltou un d'os seus

gabándose de que il tamén deprendera o castelán.

—Xa sei decir: *ahora mismo;* dixo todo fachendoso.

O mais cativo, pra non ser menos, tamén foi pé dos forasteiros e ouvíulles decir: *está bien,* co que xa se coidou tan sabido como os seus irmaus.

Como xa sabían falar o castelán decidiron saír a correr mundo dispostos a facerse ricos. Mais cando xa estaban en terras de Castela toparon un día no camiño con un home morto e, como tiñan bon natural, deulles pena d'il e collérono pra arredalo da estrada. N'iste intre chegaron os gardas civís e preguntároelles:

—¿Quién mató a ese hombre?

—*Nosotros,* respondeu o mais vello dos irmans pra lucir os seus conecementos de castelán.

—¿Cuándo lo han matado?, preguntaron os civís.

SEGUNDO LIBRO DE
COUSAS
POR CASTELAO 3 PESETAS

—*Ahora mismo,* dixo o segundo pra non se quedar atrás.

—Entonces, dense Vds. por presos, dixeron os gardas.

—*Está bien,* repricou o mais cativo tan satisfeito de ver o ben que se enxerguían con aquela xente.

Entón os civís prendéronos e leváronos a cadea onde pagaron coa vida o aldraxe d'esquencer a sua língua pol-a allea.

Recollido por Ben-Cho-Shey.

Bodas no ceo.

Ía unha vez unha zorra pol-o monte e víu voar unha aguia moi outa.

—Ay ó—berrando—¿Onde vás?

—Vou âs bodas ô ceo — respostoulle a aguia.

—É logo? hai aló bodas hoxe?

—Hai; e moi boas, por certo.

—Pois eu quería ir. ¿Cómo faremos?

—Eu te levarei.

DEBE CONOCER

Elementos de Metodología de la Historia

POR VICENTE RISCO

Entón a aguia pousouse no chán, a zorra subíuselle âs costas e botaron a voar.

Ô ir xa moi outos a aguia fixo un recorte e chimpou a zorra en baixo.

E a zorra, ô ver que ía cair por riba de un penedo, púxose a berrar:

¡Fuxe laxa que te esfarelo;
que si saio d'esta
non torno âs bodas do ceo...!

O home e a cobra.

Ía en certa ocasión un home por un camiño e atopou unha cobra por baixo d'un penedo.

—Sácame d'eiquí—imploroulle a cobra.

Ô home deulle lástima da cobra e tiroulle o penedo de por riba. Mais a cobra estaba aterecida co frío e se non podía mover. Entón o home meteuna no seu seo e foise con ela pra sua casa.

Mais en canto a cobra queceu, entroulle fame e díxolle ô home:

—Ay ó; voute comer.

—Ay señora cobra—pregoulle íl—Non faga eso, que eu non llo merezo.

—Nada, nada. Voute comer.

—Boeno; pois entón imos onda un Xuez e que íl decida.

—Vamos alá.

Saíron e topáronse c'unha zorra. Espuxéronlle o caso e pidíronlle que ela decidise.

—Eu pra decidir—díxolles a zorra—teño que ver como estaban as cousas. Que se volva pôr a cobra por baixo do penedo.

A cobra púxose onde estivera denantes e o home volveulle pôr o penedo por riba.

—Agora—dixo a zorra dirixíndose ô home—vaite pra tua casa e deixa que a cobra morra ahí por desagradecida.

Recollido en Lobeira por

XAQUÍN LOURENZO.

Xa apareceu

CANTIGAS E VERBAS AO AR

Poesías por Xulio Sigüenza

Honremos a quen nos honra
protexendo ô «Seminario de Estudos Galegos»

MERQUE:

SEGVNDO · LIBRO · DE
COVAS
POR · CASTELAO

3 Pesetas.

Casas recomendadas

ÓPTICA-PARDO

Procedimentos científicos

Santiago. :-: A Cruña.

Sombreireiría

Lemus

A mais económica de Galicia

S. Andrés 74 A Cruña.

Merceiría OTERO

Artellos de labores: Novedás para dona e cabaleiro

Apresto de froles: Lâs, medias, calcetís, cravatas, cuellos e camisas

Real 58 A Cruña.

Dr. MOSTEIRO

Médico-Dentista

Praza de Lugo, 19 A Cruña.

Imprenta

"NÓS"

Execútanse toda crás de traballos tipográficos.

Real, 36-1.º A Cruña.

Calzados SENRA

GRAN FÁBRICA

A CRUÑA

FERROL VIGO

Tintoreiría Americana

Colores inalterabres

San Agustín, 21

A CRUÑA

Urbano Losada

Médico

Fernández Latorre, 104-1.º

A CRUÑA

Vicente Risco

ABOGADO

Santo Domingo, 47.

OURENSE

Camilo Díaz Baliño

Pintor Escenógrafo

Hortas, 37 Santiago.